



## **CORAL POLIFÓNICA “AGARIMO” DE SILLOBRE**

Nace esta coral ao amparo da **Sociedade Cultural, Recreativa e Deportiva “Agarimo”**, para satisfacer as inquiredanzas dun grupo de amigos da Parroquia de Sillobre, no Concello de Fene. Pouco tarda en ampliarse o grupo e comezan os ensaios, baixo o saber da Mestra de Canto e Piano, Mari Luz Rodríguez Rodríguez, veciña da parroquia e persoa fundamental para a consolidación do grupo. Corría a ano 1.994, mes de marzo.

Ao seguinte ano, co gallo dos Día das Letras Galegas, ás que a **Sociedade Cultural, Recreativa e Deportiva “Agarimo”** tradicionalmente lles dedica unha semana cultural, preséntase ao público a Coral Polifónica que, co apoio da directiva e demais membros de Sociedade, hoxe segue a funcionar con ánimo de superación e case coas mesmas persoas. Está formada por trinta e dúas voces distribuídas en sopranos e contraltos as mulleres, tenores e baixos os homes.

O seu repertorio é variado, vai dende a canción galega e habaneras ata panxoliñas e pandeiradas. Actuou esta Coral en algúns lugares da nosa Galiza, entre os que destaca Ferrolterra, colaborando con outras Sociedades especialmente nos Programas de Música e Teatro para grupos non profesionais subvencionados pola Sección de Cultura e Deportes da Diputación Provincial de A Coruña.

Dende Outubro do ano 2005 dirixe esta coral o mestre de música (especializado en clarinete) Don Manuel Amorós, que fixo a súa presentación no festival de Música de Outono, que se celebra no local de “Agarimo”.

### **S.C.R.D.Agarimo**

Rúa Mestre Luis R.Calvo Nº 1-3 .

15509 Sillobre – Fene (A Coruña) |

Tlf. **981 340 694** | Fax. 981 340 694|

[direccion@scrd-agarimo.com](mailto:direccion@scrd-agarimo.com)